DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos

PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA PARCELA CATASTRAL 7267104PH5776N0001HE PARA A SÚA INTEGRACIÓN NA RESIDENCIA DE MAIORES "RESIDENCIAL ROIS" DA FONSAGRADA.

ENDEREZO: Nº13 DA RUA DO PARQUE, A FONSAGRADA

ENTIDADE EXPROPIANTE: EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

DECEMBRO DE 2.022

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	1/51

ÍNDICE DO PROXECTO

MEMORIA:

1.-ANTECEDENTES

2.-OBXECTO DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN

3.-ÁMBITO

4.-XUSTIFICACIÓN e BASES LEGAIS

5.-PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, (artigo 118 la LSG)

6.- DETERMINACIÓN DO PREZO XUSTO

Fundamento da valoración
Cálculo xustificativo do prezo
Premio de afección

7.- CUSTE DAS EXPROPIACIÓNS

ANEXOS:

ANEXO 1: CADRO RESUMO DE BENS E DEREITOS AFECTADOS E A SÚA VALORACIÓN

ANEXO 2: FOLLA DE APRECIO INDIVIDUAL

ANEXO 3: PLANOS

Plano 1: Plano de planta, parcelario
Plano 2: Plano de emprazamento no PXOM

ANEXO 4: DOCUMENTACIÓN ACCESORIA

Informe clasificación urbanística
Información PXOM
Certificación catastral descritiva e gráfica
Fotografías inmoble

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	2/51

MEMORIA

1.-ANTECEDENTES

Na sesión do 23 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo acordou:

"(...)1.- Iniciar, con base nos informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente o procedemento de expropiación forzosa da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE.

2.- Remitir o Acordo ao Xefe do Servizo de Expropiacións co obxecto da tramitación do Expediente sinalado no punto anterior. (...)".

O Acordo de iniciación do expediente basease nos informes emitidos en setembro de 2.022 pola empresa Abante Arquitectura e Ingeniería, pola Técnica Superior de Edificios e Obras da Unidade de Proxectos e pola Xefa de Servizo de Benestar Social e Igualdade.

No informe técnico estrutural e urbanístico, redactado polo Arquitecto de Abante Arquitectura e Ingeniería, sinálase que o ser solo urbano consolidado e clasificado polo PXOM da Fonsagrada como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios (S-02), esto faculta o Concello da Fonsagrada á obtención dos terreos mediante expropiación forzosa.
De este modo poderíase incorporar esa edificación ás instalacións da Residencia, ben reformándoa ou ben para crear unha zona verde ou espazo libre anexo á mesma.

O informe de setembro de 2022 da Técnica Superior de Edificios e Obras da Unidade de Proxectos dí que: *"O solar no que se sitúa o CAM da Fonsagrada está cualificado nunha parte como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios, cualificación que tamén inclúe a edificación situada no número 13 (a que dá orixe a resolución xudicial), polo que, a incorporación da parcela causante da servidume, permitiría respectar o actual patio interior e zona de deambulación controlada, pero tamén ofrecería melloras como: ampliar as zonas de lecer; incrementar a luz ás instalacións actuais; proxectar a opción de creación de novas prazas residenciais que atendan a alta demanda asistencial actual, etc."*

Tamén chega a conclusión de que a incorporación da parcela da servidume ao uso previsto no Plan Xeral de Ordenación, permite minimizar as afeccións no funcionamento da residencia e, polo tanto, na prestación dos servizos públicos que nela se están a desenvolver, así como ampliar os servizos e/ou capacidade da residencia, de ser necesarios.

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	3/51

No informe da Xefa de Servizo de Benestar Social e Igualdade ponse de manifesto que O CAM da Fonsagrada, a data do informe, conta con 28 prazas residenciais autorizadas, as cales atópanse destinadas 27 a modalidade ordinaria e 1 a modalidade excepcional ou respiro, constando ocupadas, cunha listaxe de agarda de 12 persoas e 18 persoas pendentes de valoración social.

O 20 de xuño de 2018, asinouse pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada un Convenio Marco formalizado que lexitima á Deputación a facerse cargo da expropiación, baseado na intención de incluír a parcela no Centro de Atención a Maiores (CAM) da Fonsagrada polo interese público provincial de mellorar e ampliar a prestación do servizo de benestar social, para o cal se asinou o convenio e cuxo destino do solo se prevé no PXOM.

Para dar cumprimento o Acordo de inicio do expediente expropiatorio redáctase o presente proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta, con base no artigo 118 da vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG), para obter os terreos, bens e dereitos correspondentes á citada referencia catastral coa finalidade de poñelas a disposición da RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES "RESIDENCIAL ROIS" situado na Rúa do Parque no núcleo da Fonsagrada.

2.-OBXECTO DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN

O obxecto deste proxecto de expropiación é o de servir de base para adquisición da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE polo procedemento expropiatorio de taxación conxunta, coa finalidade de anexar os bens ás dependencias dispoñibles pola RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES "RESIDENCIAL ROIS" situado na Rúa do Parque no Concello da Fonsagrada, procedemento regulado no artigo 118 da vixente LSG e, de conformidade con mesmo, reflicte o seguinte:

2.1.- A descrición dos bens e dereitos que resulten necesarios expropiar.

2.2.- A determinación dos propietarios e demais titulares afectados.

2.3.- O cálculo e xustificación dos prezos unitarios.

2.4.- A realización da folla de aprecio.

Os bens obxecto de expropiación, que se describirán máis adiante, son en resumo, o solar e a edificación existente nel, identificados catastralmente coa referencia mencionada.

O Concello da Fonsagrada conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM.), aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello da Fonsagrada en sesión extraordinaria celebrada o

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	4/51

24 de abril do 2019, aprobándose definitivamente pola Orde do 3 de xullo de 2019 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e publicado no DOGA do 17 de xullo de 2019.

Segundo o PXOM, a parcela encóntranse dentro do Solo Urbano Consolidado e clasificado como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios (S-02).

O artigo 129.1 da LSG contempla que a obtención dos solos destinados aos sistemas xerais poderán ser obtidos por expropiación forzosa, asemade, o artigo 20.3.1 da normativa urbanística do PXOM da Fonsagrada, tamén recolle esta forma de adquisición.

Polo tanto, esta clasificación faculta o Concello da Fonsagrada para obter ou adquirir os terreos clasificados e destinados ao fin deste equipamento ou dotación comunitaria mediante expropiación forzosa, que será o que se desenvolve neste caso.

O Convenio Marco formalizado pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada, do 20 de xuño de 2018, interadministrativo de cooperación para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores, lexitima á Deputación a facerse cargo da expropiación xa que a súa finalidade é a inclusión da parcela no Centro de Atención a Maiores (CAM) da Fonsagrada, por ser a opción máis conveniente para o interese público provincial de prestación do servizo de benestar social.

O artigo 117 bis da LSG, establece que a Administración expropiadora poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación. O sistema de expropiación máis adecuado neste caso é a taxación conxunta pola tipoloxía e destino que o PXOM sinala para este solo.

3.-ÁMBITO

O ámbito da presente expropiación é o marcado polo contorno da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE, correspondente co ocupado pola vivenda número 13 da Rúa do Parque do núcleo urbano da Fonsagrada que, como se dixo anteriormente, está dentro do Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios (S-02) formando parte do Solo Urbano Consolidado.

O contorno deste solo de Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios S-02 ven definido a súa vez definido nos seguintes documentos do PXOM da Fonsagrada:

- No Plano O-O2. Solo urbano. Ordenación e xestión no Tomo IV. 1. Clasificación e ordenación do solo urbano.

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	5/51

- Na correspondente ficha do solo S-02 do Anexo II. Fichas dotacións dentro do Tomo I. Memoria xustificativa.

Segundo Catastro, a superficie da edificación en planta baixa é de 156 m² ocupando toda a parcela. Pola súa parte, a construída é de 430 m² distribuídos do seguinte xeito:

Planta baixa: 26 m² como portal e escaleiras máis 129 m² destinados a garaxe.

Planta primeira:161 m² como vivenda.

Planta baixo cuberta: 114 m² como almacén.

4.-XUSTIFICACIÓN e BASES LEGAIS

De conformidade co disposto no artigo 85.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, para os fins da expropiación ou imposición de servidumes.

Trátase dunha expropiación urbanística e, como tal, regulada na Lei 7/2015, do 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e nos seus Regulamentos.

Ao tratarse dunha expropiación urbanística, este expediente formúlase polo procedemento de taxación conxunta, de acordo co disposto no artigo 118 e concordantes da LSG.

O artigo 100.2. da LSG dí que a execución do planeamento realizarase por polígonos completos, agás cando se trate de executar directamente os **sistemas xerais** ou as actuacións illadas previstas no artigo 103 que, a súa vez establece que o municipio poderá promover actuacións illadas en solo urbano ou en solo de núcleo rural para facer posible a execución de elementos concretos previstos polo planeamento. A obtención dos terreos necesarios realizarase mediante a aplicación dos mecanismos previstos no artigo 129.1.

O Artigo 129. Obtención do solo dos sistemas xerais e locais, no seu apartado primeiro di literal:

" Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante ***expropiación forzosa****, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo."*

Para os efectos de fixación do prezo xusto polo procedemento de taxación conxunta, para o seu pagamento aos propietarios afectados e a ocupación do predio afectado confeccionouse o oportuno expediente, de acordo co disposto:

-No artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU).

-No artigo 118 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.(LSG).

-Nos artigos 23 e 24 do Real Decreto 1492/2011 do Regulamento de valoracións da Lei do solo. (RVLS).

-Nos artigos 291 a 293 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.(RLSG).

No artigo 117 bis da LSG, sinálase que a Administración expropiante poderá empregar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das administracións públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.

No punto 1 do artigo 12 da LSG, recóllense as competencias urbanísticas dos municipios, entre as que están as de planeamento, xestión e execución do planeamento.

Nos apartados 2 e 3 do mesmo artigo, especifícase que os municipios exercerán as competencias urbanísticas que lles corresponden ben directamente ou ben por delegación, para o que poderán establecer as formas de colaboración con outras entidades de dereito público que resulten máis convenientes para o exercicio das súas competencias urbanísticas con arranxo á lexislación de réxime local.

O Convenio Marco formalizado pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada, do 20 de xuño de 2018 lexitima á Deputación a facerse cargo da expropiación baseado na intención de incluír a parcela no Centro de Atención a Maiores (CAM) da Fonsagrada, polo interese público provincial de mellorar e ampliar a prestación do servizo de benestar social, para o cal se asinou o convenio e cuxo destino do solo se prevé no PXOM.

O PXOM da Fonsagrada sinala a parcela dentro do Solo Urbano Consolidado estando clasificada como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios (S-02).

O artigo 19.1 do Título V da normativa urbanística do PXOM, define os sistemas xerais como os elementos da estrutura xeral e orgánica do territorio dedicados ao servizo do municipio no seu conxunto.

Comprende o Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes, o **Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios**, Sistema Xeral de Comunicacións e o Sistema Xeral de Infraestruturas.

Este sistemas xerais encóntranse grafados no Plano de Estrutura Xeral e Orgánica e enumerados na Memoria Xustificativa deste Plan.

Por outra banda, o artigo 20.3.1 da normativa urbanística do PXOM da Fonsagrada di:

*"1 - Os terreos destinados polo planeamento a dotacións locais en solo urbano consolidado obteranse mediante **expropiación forzosa**, por convenio entre a administración e o propietario, ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo."*

5.-PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, (artigo 118 la LSG)

O artigo 118 desta lei describe o procedemento de **taxación conxunta**, que se utilizará neste expediente.

Para a aplicación deste procedemento, o expediente deberá conter os seguintes documentos:

1. Delimitación do ámbito territorial, cos documentos que o identifiquen en canto a situación, superficie e lindes, coa descrición de bens e dereitos afectados e a relación dos seus titulares.

2. Fixación de prezos coa valoración razoada do solo, segundo a súa cualificación urbanística.

3. Follas de prezo xusto individualizado de cada predio, nas que se conterá non só o valor do solo, senón tamén o correspondente ás edificacións, ás obras e ás instalacións.

4. Follas de prezo xusto que correspondan a outras indemnizacións.

Segundo o PXOM, o solo expropiado é Solo Urbano Consolidado estando clasificado como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios (S-02), existindo nel unha edificación formada por baixo, primeira planta e faiado.

Unha vez aprobado inicialmente, o proxecto de expropiación xunto cos documentos sinalados, será exposto ao público, por prazo dun mes, para quenes poidan resultar interesados, formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular, no que concirne á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

A información pública efectuarase mediante a inserción de anuncios no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e nun xornal dos de maior circulación da provincia.

Así mesmo, as taxacións notificaranse individualmente aos que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da

proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, a contar a partir da data de notificación.

Informadas as alegacións, someterase o expediente á aprobación definitiva do órgano correspondente.

A resolución aprobatoria notificarase aos interesados titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, conferíndolles un prazo de vinte días, durante o que poderán manifestar por escrito, ante o órgano expropiador, a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación de bens e dereitos afectados.

No suposto de que haxa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, darase traslado do expediente e a folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, a efectos de fixar o prezo xusto que, en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente.

Se os interesados non formulasen oposición á valoración no citado prazo, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose fixado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

Os erros non denunciados e xustificados no prazo sinalado no artigo 118.2 da LSG non darán lugar á nulidade ou reposicións de actuacións, sen prexuízo de que os interesados conserven o seu dereito a ser indemnizados na forma que corresponda.

O pagamento, ou depósito, do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos puntos 6, 7 e 8 do artigo 52 da LEF, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto.

O pagamento de prezo xusto só se fará efectivo, consignándose o seu importe en caso contrario, na forma determinada pola lexislación básica do Estado.

Posteriormente á aprobación definitiva do proxecto de expropiación procederase por parte da Deputación á inscrición rexistral das parcelas nos termos contidos na lexislación estatal e a instar ao Catastro á actualización da súa configuración e titularidade.

6.- DETERMINACIÓN DO PREZO XUSTO

O artigo 117 da LSG dispón que o **pagamento do prezo xusto só se fará efectivo**, consignándose en caso contrario o seu importe, na forma determinada pola lexislación básica do Estado.

Neste sentido o **TRLSRU** establece no punto 1 do **artigo 34**, ámbito do réxime de valoracións, que *"as valoracións do solo, as instalacións, construcións e edificacións, e os dereitos constituídos sobre ou en relación con eles, réxense polo disposto nesta Lei cando teñan por obxecto: b) A fixación do prezo xusto na expropiación, calquera que sexa a finalidade desta e a lexislación que a motive."*

Nos seguintes artigos, establécense os criterios e métodos de valoración para cada unha das dúas situacións básicas, nas que para os efectos da Lei, atoparase todo o solo: situación de solo rural e situación de solo urbanizado.

O solo que nos ocupa é Solo Urbano Consolidado e, xa que logo, estará en situación de solo urbanizado.

A valoración substanciada na Folla de Aprecio faise segundo o establecido no **artigo 37.2 TRLSRU** e tamén co establecido nos **artigos 23 e 24 do capítulo III do RVLS.**

Segundo o artigo 23 do RVLS, o xusto prezo determinarase polo **maior dos valores** obtidos aplicando o **Método Residual Estático** á parcela sen considerar a edificación existente, ou ben, o resultante da taxación conxunta da parcela e edificación existente mediante a aplicación do **Método de Comparación**.

Método Residual Estático (valor referido unicamente o solo):

Segundo o artigo 22.1 do RVLS, o valor da parcela determinase por :

Vsolo =Edificabilidade atribuída á parcela x Vrepercusión

Segundo o artigo 20.3 do RVLS no solo destinado a sistemas xerais que non ten atribuída edificabilidade ou aproveitamento privado, tomaremos a edificabilidade media e o uso maioritario no ámbito espacial homoxéneo.

Neste caso, para simplificar atribuirémoslle a edificabilidade que ten asignada a zona destinada a residencial máis preto.

O capítulo 22 da normativa urbanística do PXOM recolle a ordenanza 01.Residencial Intensiva. No artigo 22.1, defínese o ámbito de aplicación como o grafado nos planos de ordenación e será de aplicación en todas as zonas do núcleo urbano de tipoloxía edificatoria entre medianeiras destinadas a usos residenciais colectivos, con plantas baixas destinadas a usos comerciais.

Existen dúas tipoloxías morfolóxicas: o rueiro pechado e o rueiro aberto que pretende regularizar certos desenvolvementos lineais existentes.

O artigo 22.6.3 da normativa urbanística do PXOM, que trata das condición de volume e forma en residencial intensiva, establece que o número máximo de plantas será o establecido nos planos de ordenación e a cota máxima de cornixa e coroación será:

Nº de plantas	I (B)	II (B+1)	III (B+2)	IV (B+3)
Altura de cornixa (m)	4,00	B+3,10	B+6,20	B+9,30
Altura de coroación (m)	4,30	B+3,10	B+6,20	B+9,30

O artigo 22.5.6 define que os coeficientes de ocupación e edificabilidade son os derivados da aplicación das condicións de volume e forma dos edificios.

Nesta Rúa do Parque existe unha ringleira de edificacións que responden a residencial intensiva con tres alturas, é dicir, de (B+2) e o ser o fondo da parcela de ocupar a totalidade da superficie, tomaríamos unha edificabilidade de referencia de 3 m²t/m²solo.

V. repercusión=(Vvenda/K)- VConstruír

(Consideramos k= 1,2 por ser un núcleo con escasa dinámica inmobiliaria)

Por un lado sabemos que o valor de referencia do ámbito que nos ocupa está en 380 €/m² para unha edificación cunha antigüidade duns 32 anos.

Analizado o mercado existente no núcleo da Fonsagrada e consultadas páxinas webs de compravenda de inmobles como fotocasa, idealista, milanuncios consideramos un **Vvenda** para unha vivenda nova en **719,4 euros/m²t.**

Tomaremos o valor medio de construír en execución material en 450 €/m²t ao que sumado os gastos xerais, beneficio, honorarios, tributos e outros gastos danos un **Vconstruir= 580 €/m²t**

V. repercusión= (719,4/1,2)-580 = 19,50 €/m²t

Vunitario do solo =Edific. atrib. á parcela x Vrepercusión= 3 m²t/m²s x 19,50 €/m²t = 58,5 €/m²s

Valor solo = 156 m² de parcela x 58,5 €/m²s = **9.126,00 Euros**

Valoración conxunta solo e edificación polo método de comparación.-

No artigo 24 reflíctese a metodoloxía para a taxación conxunta do solo e da edificación polo método de comparación. Establécese que, cando existan un conxunto estatisticamente significativo de transaccións reais ou de ofertas cuxo número sexa igual ou superior a seis mostras comparable, a determinación do valor do inmoble por taxación conxunta realizarase polo método de comparación.

Se non existen suficientes mostras comparables que satisfagan a totalidade de condicións de semellanza nin suficientes mostras estatísticas para o Método de Comparación será de aplicación o sistema de homoxeneización reflectido no apartado 24.2.

Neste caso que nos ocupa non se pode localizar un conxunto significativo de mostras nin ofertas susceptibles de homoxeneizar, sería comparar vivendas de distinto tipo, calidade construtiva, situación....etc., polo que o número de coeficientes correctores necesarios farían moi complicado chegar a valorar estes bens axeitadamente.

Considérase conveniente valorar a edificación polo método de reposición, método que ven sendo de aplicación por taxadores, peritos e, asemade, polo Xurado de Expropiación de Galicia en casos análogos, cando non hai suficientes mostras comparables.

Para o cálculo do valor de reposición empregaremos a seguinte expresión do artigo 18 do RVLS, aínda que neste caso se trata de solo urbanizado, considérase axeitada para valorar edificacións compatibles co uso ou rendemento considerado na valoración do chan e non fosen tidas en conta na devandita valoración polo seu carácter de melloras permanentes:

$V = VR - (VR - VF).\ \beta$

Sendo:

V = Valor da edificación, construción ou instalación, en euros.
VR = Valor de reposición bruto, en euros.
VF = Valor da edificación, construción ou instalación ao final da súa vida útil en €.

β = Coeficiente corrector por antigüidade e estado de conservación.

O valor de reposición bruto, será o resultado de sumar ao valor de mercado dos elementos que integran os custos de execución material da obra na data á que debe entenderse referida a valoración, os gastos xerais e o beneficio industrial do construtor, o importe dos tributos que gravan a construción, os honorarios profesionais por proxectos e dirección das obras e outros

gastos necesarios para construír unha edificación, construción ou instalación de similares características utilizando tecnoloxía e materiais de construción actuais.

Obtido da Orde EHA/1213/2005, temos que o valor de construír en execución material considerado é de 450 €/m²t.

O valor do módulo de execución material aplicarémoslle os coeficientes do valor das construcións da norma catastral 1020/1993, que para un uso residencial, vivenda unifamiliar en liña ou mazá pechada cunha categoría 4, que son os seguintes:

- 1.2.2.4 para á zona das escaleiras e vivenda > coeficiente 1,15
- 1.2.3.4 para o garaxe > coeficiente 0,65
- 1.2.3.4 ou 1.2.2.9 para o baixocuberta/faiado > coeficiente 0,65

Estes coeficientes serán multiplicados polas superficies e polo custe material que sumado daranos o custe de reposición bruto (VR).

O custe o final da vida útil será o resultado de multiplicar o custe reposición bruto por 0,10 (VF).

Para calcular β, partimos de que a vivenda ten como data de construción o ano 1.945, e consta unha reforma significativa no ano 1.998.

Entón empregando a expresión do artigo 18 do RVLS:

$Fa = Fc + (Fr - Fc) \cdot i$ (i=0,5)

Fa=1.972

Sendo o ano actual 2.022 e restándolle 1.972, danos que transcorreron 50 dos 100 anos de vida útil (anexo III do RVLS).

Entón a antigüidade é do 50 %, cun estado de conservación normal, β sería 0,3750. (anexo II do RVLS).

Aplicando a expresión $V = VR - (VR - VF) \cdot \beta$ danos o resultado reflectido no seguinte cadro:

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	13/51

CÁLCULO VALOR DA EDIFICACIÓN				
Cálculo valor de reposición bruto				
zona/tipoloxía norma catastral 1020/93	**superficies (m^2t)**	**módulo exe. mat. €/m^2 t**	**coef. norma catastral 1020/93**	**importe**
1ª planta, vivenda (tipo 1.2.2.4)	161	450	1,15	83.317,50 €
Planta b., escaleiras (tipo 1.2.2.4)	26	450	1,15	13.455,00 €
faiado (tipo 1.2.3.4 ou 1.2.2.9)	114	450	0,65	33.345,00 €
garaxe (tipo 1.2.3.4)	129	450	0,65	37.732,50 €
			PEM:	167.850,00 €
beneficio industrial, gastos xerais, taxas, honorarios, licencias, tributos e outros (35 %)				58.747,50 €
			Valor reposición bruto (VR):	226.597,50 €
			Vfinal vida útil (VF=10%):	22.659,75 €
			β (anexo II RVLS, 50 % antigüedade, estado normal):	0,3750
Vedificación=V Reposición bruto-(V Reposición bruto –Vfinal vida util)x β				
			Valor edificación:	**150.120,84 €**

O valor da propiedade resulta da taxación conxunta do solo e a edificación polo método de reposición, neste caso.

Entón á taxación ou valor da construción resultante sumarémoslle o valor do solo calculado de forma independente polo método residual estático por considerarse como un valor axeitado debido a escasa dinámica da promoción inmobiliaria no núcleo.

Valor: Valor do solo + valor das construcións= 9.126,00 +150.120,84 = 159.246,84 €

<u>Premio de afección:</u>

De acordo co **artigo 47 da Lei de Expropiación Forzosa (L.E.F.)** aplícase ao valor un premio de afección do 5%.

Entón:

Valor do solo + valor edificación:	159.246,84 €
Premio afección 5%	7.962,34 €
CANTIDADE TOTAL VALORACIÓN:	167.209,18 €

7.- CUSTE DAS EXPROPIACIÓNS

O prezo fixado para a folla de aprecio da Admón. que ascende a cantidade de **CENTO SESENTA E SETEMIL DOUSCENTOS NOVE EUROS, CON DEZAOITO CÉNTIMOS (167.209,18 €)**

Asdo.dixitalmente:

O XEFE DO SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS
E CONTROL DE PROXECTOS.
DOUTOR ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS.

ANEXO 1: CADRO RESUMO DE BENS E DEREITOS AFECTADOS E A SÚA VALORACIÓN.

PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA PARCELA CATASTRAL 7267104PH5776N0001HE PARA A SÚA INTEGRACIÓN NA RESIDENCIA DE MAIORES "RESIDENCIAL ROIS" DA FONSAGRADA.

Nº finca (en plano)	Referencia catastral	Titular catastral	Enderezo en Catastro	Clase do solo	Destino do solo	Sup. Solo (m2)	Outros bens a expropiar	valor solo + outros bens (Método comparación)	Premio de afección 5%	Total (€)
1	7267104PH5776N0001HE	Dolores Trashorras Carreira	Rua Azalea 7 Es:1 Pl:3 Pt:1 27004 Lugo	Urbano consolidado	Sistemas xerais (S-02)	156	Casa unifamiliar de 430 m² construídos totais, formada por planta baixa dedicada a garaxe, portal e escaleiras (155 m²), primeira planta dedicada a vivenda (161 m²) e faiado dedicado a almacén (114 m²). Construción do ano 1.945, reformada en 1.998, enfuscado exterior, carpintería exterior de aluminio branco sinxelo, cuberta de lousa, estado de conservación normal.	159.246,84 €	7.962,34 €	**167.209,18 €**
								Importe total expropiacións:		**167.209,18 €**

IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y | Fecha y Hora | 02/12/2022 10:11:41
Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.
Firmado por | JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)
Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verfirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y | Página | 17/51

ANEXO 2: FOLLA DE APRECIO INDIVIDUAL.

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	18/51

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos

FOLLA DE APRECIO

PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA PARCELA CATASTRAL 7267104PH5776N0001HE PARA A SÚA INTEGRACIÓN NA RESIDENCIA DE MAIORES "RESIDENCIAL ROIS" DA FONSAGRADA.

IDENTIFICACIÓN DOS BENS

FINCA Nº: 1

TITULAR: DOLORES TRASHORRAS CARREIRA

REF. CATASTRAL: 7267104PH5776N0001HE

SUPERFICIE CATASTRAL: 156 m²

SUPERFICIE CONSTRUIDA: 430 m² **AFECCIÓN:** EXPROPIACIÓN TOTAL

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA: SOLO URBANO CONSOLIDADO, SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS (S-02)

BENS: Casa unifamiliar de 430 m² construídos totais, formada por planta baixa dedicada a garaxe, portal e escaleiras (155 m²), primeira planta dedicada a vivenda (161 m²) e faiado dedicado a almacén (114 m²). Construción do ano 1.945, reformada en 1.998, enfuscado exterior, carpintería exterior de aluminio branco sinxelo, cuberta de lousa, estado de conservación normal.

LINDES:

Norte: 7267105PH5776N0001WE **Este:** 7267105PH5776N0001WE

Sur: 7267105PH5776N0001WE **Oeste:** Rúa do Parque

CÁLCULO DO VALOR DO SOLO				
Valor unitario €/m²			superficie (m²)	Importe
58,5 €/m²			156	9.126,00 €
CÁLCULO VALOR DA EDIFICACIÓN				
Cálculo valor de reposición bruto				
zona/tipoloxía norma catastral 1020/93	superficies (m²t)	módulo exe. mat. €/m² t	coef. norma catastral 1020/93	importe
1ª planta, vivenda (tipo 1.2.2.4)	161	450	1,15	83.317,50 €
Planta b., escaleiras (tipo 1.2.2.4)	26	450	1,15	13.455,00 €
faiado (tipo 1.2.3.4 ou 1.2.2.9)	114	450	0,65	33.345,00 €
garaxe (tipo 1.2.3.4)	129	450	0,65	37.732,50 €
			PEM:	167.850,00 €
			beneficio industrial, gastos xerais, taxas, honorarios, licencias, tributos e outros (35 %)	58.747,50 €
			Valor reposición bruto (VR):	226.597,50 €
			Vfinal vida útil (VF=10%):	22.659,75 €
			β (anexo II RVLS, 50 % antigüedade, estado normal):	0,3750
Vedificación=V Reposición bruto-(V Reposición bruto –Vfinal vida util)x β				
			Valor construcións:	**150.120,84 €**
			Valor do solo + valor edificación:	159.246,84 €
			Premio afección 5%	7.962,34 €
			CANTIDADE TOTAL VALORACIÓN:	**167.209,18 €**

O XEFE DO SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL
DE PROXECTOS.
DOUTOR ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS.

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	19/51

ANEXO 3: PLANOS:

Plano 1: Plano de planta, parcelario.

Plano 2: Emprazamento no PXOM.

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	20/51

DEPUTACIÓN DE LUGO

PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA PARCELA CATASTRAL 7267104PH5776N0001HE PARA A SÚA INTEGRACIÓN NA RESIDENCIA DE MAIORES "RESIDENCIAL ROIS" DA FONSAGRADA.

JOSÉ ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ
XEFE DO SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS
DOUTOR ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS

PLANO 1.- PLANO DE PLANTA, PARCELARIO

ESCALA: 1/500 | DECEMBRO 2.022

IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y | Fecha y Hora 02/12/2022 10:11:41

Normativa: Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.

Firmado por: JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)

Url de verificación: https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y



DEPUTACIÓN DE LUGO

PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA PARCELA CATASTRAL 7267104PH5776N0001HE PARA A SÚA INTEGRACIÓN NA RESIDENCIA DE MAIORES "RESIDENCIAL ROIS" DA FONSAGRADA.

JOSÉ ANTONIO MONDELO RODRIGUEZ
XEFE DO SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS
DOUTOR ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS

PLANO 2: PLANO EMPRAZAMENTO NO PXOM.

ESCALA =1/500 | DECEMBRO 2.022

Normativa	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Firmado por	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	22/51

ANEXO 4: DOCUMENTACIÓN ACCESORIA

Informe clasificación urbanística.

Información PXOM.

Certificación catastral descritiva e gráfica.

Fotografías inmoble.

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	23/51

INFORME CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA.

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	**Fecha y Hora**	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	**Página**	24/51

Concello de A Fonsagrada
Praza do Concello, s/n
982 34 00 00

LUIS RAMÓN TABOADA GARCÍA, ENXEÑEIRO DE EDIFICACIÓN, E ARQUITECTO TÉCNICO DO CONCELLO DA FONSAGRADA (LUGO).
Referente a solicitude de data 17/11/2022 efectuada pola Deputación Provincial de Lugo – Servizo de Expropiacións, rexistro de entrada nº 2604, na que se solicita informe urbanístico da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE.



Imaxe 1 : Información catastral da finca (sinalase con indicativo vermello a parcela obxeto de informe)

INFORMO:

1.- En data 29 de novembro de 2022 emitín informe urbanístico relativo a clasificación de solo e ordenanza de aplicación da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE. Por un erro material da situación real da parcela na cartografía do PXOM no devandito informe indiquei que na parcela eran de aplicación dúas ordenanzas, nos términos que textualmente reproduzo a continuación:

- *"3.- Na superficie da finca comprendida entre a alineación a rúa Parque e unha linea paralela a ésta distante 5,50 m. da rúa Parque a maiores do indicado no Capítulo 31 da Normativa urbanística do PXOM. "RÉXIME TRANSITORIO NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DO CASCO HISTÓRICO", é de aplicación a "ORDENANZA 07 EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS" Uso característico Sanitario-Asistencial (Capítulo 28 da Normativa urbanística do PXOM".*
- *"4.- O resto da superficie da finca (comprendida entre a linea paralela a rúa Parque e distante de esta 5,50 m. e o linde posterior da finca) é de aplicación o "RÉXIME TRANSITORIO NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DO CASCO HISTÓRICO" (Capítulo 31 da Normativa urbanística do PXOM adxúntase copia da ordenanza de aplicación)".*

2.- A situación real da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE na cartografía do PXOM non é a indicada no informe de data 29 de novembro de 2022. A situación real

Cod. Validación: 3SCH6C5EJ5WLMACYC5DD5NRMY | Corrección: https://concellofonsagrada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8

	IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Fecha y Hora	02/12/2022 10:11:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MONDELO RODRÍGUEZ (RESPONSABLE SERVIZO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AHX2LLA67VHEJ6EPXJ4J66Y	Página	25/51

da parcela na cartografía do PXOM é a que se reflexa nos planos que se adxuntan a continuación.



